"Ha sido fantástico, estaría toda la vida escuchando vuestra música".

Con estas palabras felicitaba Su Majestad el Rey D. Juan Carlos a Xosé Lois Foxo tras el concierto ofrecido al Monarca con motivo del 150 aniversario del Faro de Vigo (27.11.2003)

Sumario

- **Presentación** 3
- **¡Viva a Gaita e o Gaiteiro!**
  Manuel Rego Nieto 4
- **El "Gaiteiro de La Habana"** 5
- **A Gaita Galega de dous bordóns** 6
- **Referencias Gaiteiras na Obra de Gil Vicente**
  Mario Correia 8
- **Welcome Back! The continuing renaissance of the english bagpipe**
  Julián Goodacre 11
- **Manuel Viqueira Vieites. Gaiteiro de Ordes**
  Manuel Garrido 14
- **A Coroza, unha prenda da vestimenta tradicional galega**
  José Rodríguez Cruz 17
- **Las Gaitas de la Antigua República Yugoslava de Macedonia**
  Luís J. González 21
- **Zaqq. The maltese bagpipe**
  Christian Starke 26
- **Bagpipes in The Netherlands**
  Bert Lotz / Judica Lookman 30
- **XVIII Xuntanza Internacional de Gaiteiros A Gudiña** 33
- **Iconografía de la Cornamusa en Cataluña y Baleares**
  Simón Busquets 38
- **A Gaita, en Re por favor!**
  Alejandro Montes Fernández 41
- **El Sgian Dubh**
  Diego A. Longueira 46
- **Ceremonia de Plantación del Pino Gallego**
  Manuel Castro 50
- **Casamiento Galaico-Escocés**
  Manuel Castro Cambeiro 53
- **La Cultura de la Gaita en Suiza 2ª y 3ª parte**
  Peter Metzger 55
- **Lume de Biqueira - Banda de Gaitas del Centro Gallego de Madrid**
  Fernando Molpeceres 74
- **Clasificación XIII Campionato da Liga Galega de Bandas de Gaitas** 76
- **Trofeos**
  IV Trofeo O Viso de Lobeira 80
  I Trofeo "Terras do Vento" 80
  III Trofeo de Bandas de Gaitas Avelino Cachafeiro (O Gaiteiro de Soutelo) 81
  II Trofeo de Bandas de Gaitas "Ciudad de Ponferrada" 82
  XI Campionato de Solistas de Bandas de Gaitas 83
- **Concurso de Gaita Constantino Bellón 2003**
  Juanjo Fernández 84
- **Novidades Discográficas 2003** 85
- **Novidades Editoriais 2003** 87
- **Calendario de Actividades no eido da Gaita 2003** 92
- **Dudelsack-literatur in tschechien**
  Josef Rezny 94
- **Fantasías**
  David Bourguer 97
- **Puente de Luz**
  Manuel Castro 99
- **Xosé Lois Foxo "Grande do Caurel 2003"**
  Ricardo Locay Aira 102
- **Actuacións da Real Banda** 104

Anuario da Gaita 2003

Coordina: **Xosé Lois Foxo**

Edita: **Escola Provincial de Gaitas Deputación Provincial de Ourense**

Apartado postal, 520 - 32080 OURENSE (España)

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN INTERNET ESCOLA DE GAITAS E REAL BANDA

Correo electrónico: **rbo@realbanda.com**

Páxina Web: **www.realbanda.com**

Tlfs.: 988 227 300 - 988 227 314 - Fax: 988 244 350

Dep. LEGAL: OU - 92/98

Na portada: Antón Corral con gaita galega de dous bordóns (século XVIII)



Presentación

É para mín unha grande satisfacción escribir unhas palabras para encabezar o Anuario da Gaita número 18, relativo ás actividades realizadas ao longo do ano 2003.

Nesta nova edición do Anuario da Gaita desexo que as miñas palabras sexan un homenaxe á constancia e ao bon facer das persoas que fan posible que publicacións coma esta vexan a luz ano tras ano.

Son consciente de que as cousas lévanse adiante coa vontade e o traballo. Os medios son necesarios, pero podo constatar que a vocación e o amor ao traballo son o alicerce dos resultados.

As persoas pasan, sen embargo as obras quedan, como quedará para a nosa historia a obra realizada dende a Escola de Gaitas. A labor desta Escola trascende os ámbitos da nosa xeografía. Os estudiosos da gaita teñen no Anuario da Gaita un referente obrigado. Os traballos publicados dende a Escola de Gaitas son estudiados en conservatorios de calqueira parte do mundo, do mesmo xeito o é o noso Museo Internacional de Cornamusas, do que recentemente acaba de sair á luz un traballo impreso, boa mostra da súa riqueza e valor universal.

É para a Deputación Provincial de Ourense unha obriga apoiar iniciativas tan encomiables como é esta publicación, nacida coa filosofía de dignificar a nosa cultura musical basada no noso instrumento máis representativo: A Gaita. Por iso quero deixar patente, unha vez máis, a miña admiración hacia as persoas que adican o seu tempo, de forma desinteresada, a unha causa tan noble como é o cultivo da nosa música e o fomento da nosa tradición musical.

Xosé Lois Baltar Pumar
(Presidente Deputación Provincial de Ourense)

¡Viva a Gaita e o Gaiteiro!

Manuel Rego Nieto

Díxome o sempre lembrado Alvaro Cunqueiro, unha noite de cea con Xosé Luis López Cid, que os anxeliños do Ceo, cando entonaron: "Gloria a Deus nas alturas e paz na terra ós homens de boa vontade", ían acompañados, non somentes por trompetas, senón e tamén por gaitas como as nosas galegas. Eu resposteille se estaba seguro, e díxome, "Como hoxe cando no Orfeón Unión Orensana falei das sirenas, nas que tamén creo".

Agora o mestre de gaiteiros Xosé Lois Foxo pídeme que escreba pra esta fermosa e documentada publicación, as miñas vivencias ao son da gaita. E non me podo negar, eu que son un monago niste, e mais en outros, xéneros.

Na miña infancia, no meu pobo de San Pedro de Moreiras, ía co meu bó pai ás festas do San Blas, que elí e santuario no fermosísimo templo barroco, onde me bautizaron xa fai máis de setenta anos. E co estouro dos foguetes, aparecían catro gaiteiros -un tamboril, un bombo, un clarinete e unha gaita- e logo da procesión na que participaban, beillaban os máis vellos e non tanto as nosas muiñeiras, pasodobles do agarrado, que o crego ollaba de reollo... Foi a miña primeira vivencia ao carón daqueles homes que levaban o enxebrismo polas aldeas e lugares da nosa Galicia.

Xa máis tarde, e sendo presidente das Festas do Corpus ourensán, contratei a grupos de gaiteiros e a unha banda -a primeira que coñecín- de gaiteiras, todas unhas prendas, que chegan de Ribadeo da man de Primitivo Díaz e facían as ledicias de tódolos ourensáns.

Pasaron moitos anos cando percorrín Inglaterra, Arxelia, Hungría, Austria, a URSS..., invitado polo Grupo de Danzas "Castro Floxo" de Ourense. Eí, sí que me sentín namorado da nosa gaita galega. A máis de tres mil quilómetros da Terra, o mestre Manolo Garrido puña no aire as notas melodiosas do noso sin par instrumento nacional -que non nacionalista-, e púñanos na gorxa un nú que nos afogaba e as bágoas deixabanse baixar pola faciana, sin ter "autorización" de ninguén. Era o milagre da gaita galega, ese instrumento único que Xosé Lois Foxo, o grande mestre, inculcoulle a milleiros de mozas e mozos do mapa provincial ourensán, en enxebrísimas bandas, como unha semente que sen dúbida dará moitos froitos.

Tiña razón o sempre admirado por moitos motivos don Alvaro Cunqueiro ao dicir que os anxeliños do Ceo fixéronlle compaña ó Neno Deus, elí onde repousaba nas palliñas de Belén, pois quixo ter por berce a pobreza, que é o sostén da soliedaridade. Por Amor entre os homes de boa vontade. Esí pois, eu digo coa forza da miña gorxa: ¡Vivan a gaita e os gaiteiros...!. Amén.

"Os Garceiras" de Melide na batalla de flores, durante as festas do Corpus de Ourense

"Gaiteiras de Ribadeo", dirixidas por Primitivo Díaz (anos 1960)

Extraído de
GALICIA EN EL MUNDO
22 - 28 septiembre de 2003

Recibió de manos del presidente de la Xunta, Manuel Fraga, una gaita nueva

El 'Gaiteiro de La Habana', Eduardo Lorenzo, regresa a su tierra natal

Aunque hay un antiguo proverbio que asegura que nadie es profeta en su tierra, Eduardo Lorenzo ha conseguido negarlo a los 92 años. Hace algunos meses, el anciano gaiteiro permanecía casi olvidado en su terraza de la calle Virtudes, en La Habana, y ahora de pronto ha saltado a los titulares de los principales periódicos gallegos. Eduardo ha permanecido diez días en Galicia, durante los que fue recibido por el presidente de la Xunta, Manuel Fraga, quien le entregó "una gaita nueva para que toque muchos años".

E

Este encuentro se convirtió prácticamente en una charla informal entre dos hombres que han conocido la emigración de primera mano.

Durante la audiencia, el presidente declaró ser un entusiasta de este instrumento de viento y recordó que en sus tomas de posesión como presidente de la Xunta nunca faltaron las gaitas ni los gaiteiros. Así mismo, el mandatario autonómico señaló a Lorenzo como un exponente de la conservación de este instrumento y resaltó el hecho de que, a lo largo de su vida, haya construido cientos de manera artesanal.

Por su parte, Lorenzo se mostró muy agradecido con el presidente por ofrecerle la oportunidad de visitarlo en su despacho y, sensiblemente emocionado, dio las gracias a todos los que hicieron posible el encuentro.

Eduardo pudo cumplir su sueño de viajar, quizás por última vez, a Galicia, gracias a una invitación de la Consellería de Emigración, para el rodaje de la película documental 'Los últimos gaiteiros de La Habana', en la que también colabora el Grupo de Comunicación 'Galicia en el Mundo'.

Durante diez días, el equipo de realización del filme (integrado por Ernesto Daranas y nuestros corresponsales en Cuba, Natasha Vázquez y Rigoberto Senarega) acompañó a Eduardo en su emotivo viaje de reencuentro con el terruño.

Para comenzar, Eduardo regresó al rincón de su infancia, la parroquia de Sela, en el ayuntamiento de Arbo, donde pudo abrazar a sus nietos y biznietos que residen allí, así como a amigos de la juventud.

Manuel Rivera, alcalde de Arbo, le dio la bienvenida y le hizo entrega del escudo que identifica al Ayuntamiento.

En los días que permaneció en Arbo, Eduardo se sintió rejuvenecer al punto de hacer cosas que hacía tiempo su salud le impedía, como tocar la gaita o bailar un pasodoble. El anciano pudo constatar una vez más la belleza de sitios que guardaba con cariño en su corazón, como la capilla de San Fins.

Uno de los momentos más emocionantes, fue el encuentro con el conocido gaiteiro Carlos Núñez, quien lo había visitado anteriormente en La Habana diez años atrás. Dos generaciones de hombres que han dedicado su vida a la música gallega se fundieron ese momento. Carlos conserva aún una gaita fabricada por Eduardo, con la que tocaron juntos piezas antiguas de las que interpretaba habitualmente el gaiteiro nonagenario.

Eduardo visitó otros sitios de Galicia; la catedral de Santiago, la Costa da Morte, el puerto de Vigo... Ahora, el anciano gaiteiro ha regresado a su casa en La Habana, donde le esperaba su familia y una decena de jóvenes alumnos que han sabido tomar el relevo del folclore gallego. Para él, este viaje será uno de los mejores recuerdos de su vida y para todos, quedará su testimonio como parte de la gran historia de la emigración gallega.

A Gaita Galega de dous bordóns

Dende finais do século XIII o típico Odrecillo medieval, composto de punteiro, fol e soprete veráse transformado, convertíndose nun instrumento polifónico, facendo seu o concepto xa empregado polo organistrum, zanfona e outros instrumentos medievais.

A Gaita común ou tradicional levará unicamente un bordón asociado; nembargantes empregáronse constantemente dous ou máis bordóns, asegún as esixencias do gaiteiro, do mesmo xeito que acontece actualmente.

Antón Corral

Presentamos aquí unha fermosísima gaita de dous bordóns procedente de Vilar de Lavadores, Castrelos (Vigo) a que, asegún o seu propietario actual, Alex Covelo González, foi construída polo ano 1750 conservándose as súas madeiras nobres nun perfecto estado. Toda unha reliquia do pasado. Como pode observarse os dous bordóns emerxen do mesmo tronco, contando cunha chave de paso.

Detalle gaita galega de dous bordóns
(Séc. XVIII)

É interesante constatar que a gaita chegou ata actualidade con dobre punteiro e dobre ronco, nas tonalidades de Si bemol e Do. Amosamos unhas mostras de representacións de gaitas en épocas pasadas a modo de constatación da autenticidade do instrumento que hoxe temos a sorte de presentar.

Misericordia da sillería Catedral de Astorga (Sec. XVI)

Gaiteiro tudense (Séc. XVIII)



Retablo igrexa parroquial de Urróz (Navarra)
(Séc. XVI)

Mestre das Medias Figuras
(Séc. XVI)

Referencias Gaiteiras na Obra de Gil Vicente

Por Mario Correia

Gil Vicente (cujo nascimento terá ocorrido entre 1460-1465 e o falecimento em 1531) é considerado como tendo sido o verdadeiro pai do teatro português, permanecendo a sua obra de comediógrafo referência incontornável na literatura portuguesa. Os seus autos apresentam tipos e costumes que são um autêntico retrato da sociedade portuguesa da época recolhendo a unanimidade dos estudiosos no que se refere a considerarem que *o atributo mais notável da obra de Gil Vicente provém de ser um vivíssimo friso de figuras humanas, reconhecendo ainda que nunca foi excedido na já longa história do teatro português, quer na originalidade, quer na riqueza psicológica dos protagonistas. (Joaquim Ferreira, in Auto da Feira de Gil Vicente).*

Nas Obras de Devaçam, concretamente no que se refere ao *Auto da Segunda Barca,* foram inseridas as gravuras que aqui reproduzimos, sendo de realçar o facto de surgirem, ao longo da sua vasta obra, referências aos gaiteiros. De facto, abundam na obra de Gil Vicente as referências a ocasiões festivas às quais surge associado o uso das populares gaitas de foles, que o grande mestre e precursor do teatro português considerava como instrumento próprio dos chamados *"cantares gaiados"*, como no-lo refere Teófilo Braga. (1)

Assim, na Farsa dos Almocreves (publicada no ano de 1526), a gaita de foles desde logo nos surge clara e expressamente associada às folias (2):

(...) E vos fazeys foliadas/ e nam pagaes o gaiteyro...

E, num outro passo da mesma obra Gil Vicente uma vez mais associa a gaita calada ao estado de espírito das gentes lusas nessa época:

(...) Mandovos eu sospirar
pola padeyra d'Aveyro,
que haveis de chegar à venda,
e entan alí desalbardar,
se nam tiver que vos venda
vinho a seis, cabra a três,
pam de calo, filhós de manteyga,
moça fermosa, lençoes de veludo,
casa juncada, noyte longa,
chuva com pedra, telhado novo,
a candea morta, e a gayta à porta...

No mesmo sentido crítico-reflexivo (que tão bem caracteriza e define o teatro vicentino) se enquadram referências contidas numa outra obra do mesmo autor, o Auto Pastoril Português,

(...) e não vejo aqui cantar
nem gaita nem tamboril
e outros folgares mil
que nas feiras soem estar (...),

bem como no Auto da Sibila Cassandra,

(...) que na festa, sem comer,
não há hi gaita temperada.

Se a referência no Monólogo do Vaqueiro nos parece dúbia (por vezes, nos textos da época, a palavra "gaita" ou não corresponde à gaita de foles ou não pode ser rigorosamente considerada como tal),

(...) traed algo que le dar
y el rabel de Juam Javato
la gaita de Pravillos (...),

o mesmo não acontece na Tragicomédia Pastoril da Serra da Estrela, com a festa inebriante:

(...) Não vos vades vós assi
leixae ora a gaita vir
e o nosso tamboril
e ireis mortos daqui
sem vos saberdes bolir.

Mas, no campo em que ora nos situamos, é sem dúvida no Triunfo do Inverno, (3) obra na qual mestre Gil Vicente lamenta a tristeza soturna que invadiu a nação nos últimos anos de D. Manuel e no reinado do fanático D. João III, como escreveu Carolina de Michaelis, (4) não cantando mais o povo as cantigas de mil raleas, ou seja, as cantigas mais variadas e inspiradas pelo lirismo popular, algumas das quais animavam os bailes nas feiras e nos terreiros das aldeias. Eis, naturalmente, a sua mais expressiva transcrição: (5)

Em Portugal vi eu já
em cada casa pandeyro
e gayta em cada palheyro
e de vinte annos aca
nam ha hi gayta nem gayteyro.

A cada porta um terreyro
cada aldeia dez folias
cada casa atabaqueyro
e agora Jeremias
he nosso tamborileyro.

Soo en Barquerena avia
tambor em cada moinho
e no mais triste ratinho
senxergava hua alegría
que agora nan tem caminho.

Se olhardes as cantigas
do prazer acostumado
todas elas tem som lamentado
carregado de fadigas
longe do tempo passado.

O dentam era cantar
e baylar comaa de ser
o cantar pera folgar
o baylar pera prazer
que agora he mao dachar.

Nem cãtavam de terreyro
terra fria deismelo
no me negueis mi consuelo
que fez hum judeu daveyro
pola muerte de su avuelo.
He de feyra em concrusam
e baylam em cada día
porque sae aa melodía
tal qual fica o coraçam
ao reves do que soia.

Mas aquelles que folgavam
nas vilas e nas aldeas
quando as festas se ajuntavam
cantigas de mil raleas
deste compasso cantavam.(...)

Num excelente trabalho de análise das questões musicais na obra teatral de Gil Vicente, Rebelo Bonito (6) percorre o universo expressivo das danças e das cantigas populares dos séculos XIII e XIV, das chacotas às folias, das cantigas de amigo aos bailes populares. Das conclusões então apresentadas por Rebelo Bonito, respigámos as seguintes:

Os ratinhos, ou pastores da Serra, detinham tradicionalmente a arte e a cultura galaico-portuguesa dos séculos XII-XIV. Usavam a gaita de foles e o tambor, cantavam e bailavam cantigas de amigo, a solo, e bailavam chacotas sob a forma coral.

As danças antigas tinham-se como movimentadas pois a pastora dissera que o bailarem-se elas ao som da gaita e do tamboril seria de ficarem todos mais mortos que vivos.

No século XV já o povo usava as cantigas paralelísticas evoluídas, do período epigónico castelhano, mais ricas de pensamento e expressão verbal, e bailavam-nas "de terreiro", isto é, em recintos abertos. "Foliões" se chamavam aos trovadores dos novos tempos, que animavam as festas públicas e particulares com seu reportório de músicos de vozes e de instrumentos. E actuavam em grupo, que o estilo polifónico matara o cantor individual.

(...) As chacotas, tipicamente trovadorescas, do reportório luso-galaico, haviam perdido a voga em favor das folias, danças de coro que teriam sido primitivamente altas, puladas, e depois evoluíram no sentido da placidez. (...) As chacotas seriam, provavelmente, danças de coro de tipo mourisco, idênticas a gotas, viras e fandangos minhotos.

As folias assemelhar-se-iam nos seus variados aspectos a mouriscas de outro tipo, talvez no género de chulas desgarradas e charambas madeirenses.

NOTAS:

(1) Teófilo Braga, in O Povo Português em Seus Costumes, Crenças e Tradições, volume I, da colecção Portugal de Perto, nº 10, 3ª edição, Publicações D. Quixote, Lisboa, 1995, págs. 305.

(2) A Igreja não descansou enquanto não baniu, em definitivo, estas tão populares e faladas folias das procissões do Corpus Christi (o que só aconteceria no decurso de século XVIII). Segundo Maria José Palla, (O Parvo e o mundo às avessas em Gil Vicente - Algumas reflexões, in Temas Vicentinos: Actas do Colóquio em Torno do Teatro de Gil Vicente, Teatro da Cornucópia, 1988, Colecção Diálogo-Compilação, edição do Instituto da Cultura e Língua Portuguesa, Lisboa, 1992, pág. 87 a 94.) tratava-se a folia de (...) uma dança de origem portuguesa, que representa a loucura musical. Há uma associação directa entre a folia musical e o conceito de desatino. Numa gravura de Narrenschiff, encontramos uma alegoria da música como fonte de volúpia personificada por uma mulher nua, símbolo da loucura e pecado.

O termo surge frequentemente citado nos séculos XIV, XV e XVI, como se indica, de forma necessariamente não exaustiva mas simplesmente ilustrativa, a seguir: Folias e bailes plazenteiros (André Resende, in Vida do Infante D. Duarte); Juntavam-se a recebel-o pelos caminhos com suas danças e folias, que era o extremo de festa que podiam fazer (Frei Luis de Sousa, in Vida de D. Frei Bartolomeu dos Martyres); ...e o caminho muyto concertado, e limpo, tudo em perfeyçam, e cheo de gente com muytas folias de foliães, e moças... (Garcia de Resende, in Crónica de D. João II); ...& despois começarão de foliar & cantar & fazer grandes alegrias... (citado por José Pedro Machado no Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa).

(3) Obra publicada por Gil Vicente em 1529, uma tragicomédia que foy representada ao muyto alto & excelente Príncipe el rey dom Ioam o terceyro deste nome em Portugal na sua cidade de Lixboa, ao parto da devotissima & muyto esclarecida Raynha dona Caterina nossa senhora.

(4) Carolina de Michaelis, in Cancioneiro da Ajuda, tomo II, pág. 899.

(5) Segundo Sousa Viterbo, in Artes e Artistas em Portugal, Lisboa, 1920, pág. 224, quando Gil Vicente escreve, no Triunfo do Inverno, que Em Portugal vi eu já/ em cada casa pandeiro/ e gaita em cada palheiro/ e de vinte anos a cá/ não há nem gaita nem gaiteiro, ou Sá de Miranda que os momos, os serões de Portugal/ tão falados no mundo onde são idos?, admite que é possível que a perseguição judaica e que a intolerância religiosa, característica daquele reinado, tivessem como efeito murchar a exuberante flor sanguínea da alegria nacional, mas é possível também que houvesse exagero da parte dos dois poetas.

(6) Rebelo Bonito, in A Música nos Autos de Gil Vicente, Imprensa Portuguesa, Porto, 1958. Trata-se do texto da conferência integrada nos Festivais Gil-Vicentinos, promovidos pela Câmara Municipal de Guimarães e realizada na noite de 10 de Julho de 1957, no Salão Nobre da Sociedade Martins Sarmento, incluída em separata de Guimarães e Gil Vicente, Porto, 1958.

Gravados das "Obras de Devaçam" do "Auto da Segunda Barca" de Gil Vicente

Welcome Back! The continuing renaissance of the english bagpipe

Por Julian Goodacre

The only region in England that has retained an unbroken bagpipe tradition is in the north east, where the Northumbrian smallpipes still thrive. However throughout England from the 13th century it is clear a wide variety of other types of pipes had been played. In the mid 19th century the piper John Hunsley of Manton in Lincolnshire died and so the last of the older English bagpipes fell silent. There are many early written references and depictions, but no actual instruments have survived.

Bagpipes began to fall out of favour in the south of England from the 15th century onwards and were increasingly considered to be an instrument of the north. During the 19th century Highland pipes were adopted by the British Army and bagpipes came to be regarded as a Scottish instrument few people in England were even aware that bagpipes had ever been part of their heritage.

The spark that rekindled interest in the English bagpipe came over a century after John Hunsley´s death. While researching in the early 1960s Roderick Cannon found many historical references to the bagpipes being played in England and published two articles in The English Folk Music Journal in the early 1970´s.

To revive an extinct instrument requires interest, enthusiasm, music, but above all it requires the instrument itself! The catalyst and focus for the revival was undoubtedly the band Blowzabella, formed by Bill O´Toole and Jon Swayne. They were both studying early instrument making at The London College of Furniture in the late 1970s and were experimenting with making bagpipes. Jon developed his low D Flemish pipe after the paintings of Breugel and his ´English´Bagpipe in G-a mouth-blown pipe with two drones and his own design of chanter. At last there were reliable bagpipes to play English music on! Since then Jon has gone on to developed a range of highly sophisticated bagpipes based on the Border bagpipe. Their chanters are chromatic, with an extended range.

Blowzabella´s sound was new and exciting and based firmly around the pipes and hurdy gurdy, taking much of their inspiration from the dance music of central France and adapting it to English music. Traditional English tunes once again were played with a drone accompaniment. They organised pipe and hurdy gurdy weekends in the 1980s which were joyous gatherings and the first chances for isolated pipers and other pipe makers, to meet, compare pipes and play together.

It was a very exciting time for me as I had begun to experiment with pipemaking in 1981 and became a professional maker in 1985. Since then I have developed a variety of different pipes. My first, developed with my brother John, was The Leicestershire smallpipe- a single drone instrument that can be mouth or bellows blown. The English Great pipe is based on a 15th century manuscript illustration of the Miller from Chaucer´s Canterbury Tales. I based my Cornish double- chanter bagpipes

EARLY 15 TH CENTURY PICTURE OF **THE MILLER** FROM GEOFFREY CHAUCERS POEM **THE CANTERBURY TALES.** This picture is the inspiration for **THE ENGLISH GREAT PIPE.**

CIRNISH DOUBLE PIPES
FROM A CHURCH CARVING 1510-1532

on a fine carving in the church at Alternun, Bodmin Moor dated c1510-1532. This is typical of many early carvings of double- chantered pipes to be seen in churches throughout England. My English double pipes are based on actual measurements in the Talbot manuscripts from the 1690s.

English pipers have been looking to European piping traditions for inspiration. A focus for the revival has been the English based Bagpipe Society formed in 1985 for those with an interest in all types of bagpipes. Many of its members play English bagpipes. Some are playing the alluring dance music of central France, which has an unbroken tradition and lends itself perfectly to the pipes. Others are facing the challenge of trying to explore ways of playing English music. So much has been lost and needs to be rediscovered or reinvented. Although our piping tradition is broken there has long been a strong tradition of sophisticated instrumental variations in England. With the discovery and publication of the William Dixon manuscript of 1733 we now have proof that bagpipes were part of this tradition.

Today there are a variety of different English pipes available in a range of keys. There are pipers who play these solo or in groups with or without other pipers for early music, dance bands, morris dancing... even the outer reaches of techno music. But what is English pipe music? After a gap of 200 years without any musical development some pipers are looking to the past whilst others are trying to create new English music for the pipes.

Two English bagpipe trios use strichingly different musical approaches. The Goodacre Brothers



ENGLISH DOUBLE PIPES
BASED ON AN ENGLISH MANUSCRIPT FROM 1690's

ENGLISH DOUBLE PIPES
A RENAISSANCE BAGPIPE WITH TWO DRONE

were formed in 1986 to play traditional and our own dance music, using use various combinations of both small and great pipes. The history of the trios instrumentation reflects the increasing variety of pipes that I have developed and our musical arrangements are essentially polyphonic. Jon Swayne´s trio Moebius play his compositions. His arrangements use sumptuous and sometimes extraordinary harmonies making the whole group sound like one instrument. He has gone on to expand this approach even further into Zephrus a six piece bagpipe group- who perform a stunning suite of Jons arrangements of the 17th century tune Halfe Hannikin. And after all these years Jon is still playing with Blowzabella and in 2003 they reformed to celebrate their 25th year and have decided to play and record again.

The bagpipes are essentially a pastoral instrument which fell out of favour during the centuries of industrialisation and urbanisation. But from the late 20th century we have post industrial aspirations. The pastoral is once again desirable.

The English Bagpipe revival is now well under way. For it to flourish we must encourage the younger generation to play. I confidently expect this revival will not go the way I predict and I look foreword with anticipation to the next 30 years!

THE ENGLISH GREAT PIPE
A MEDIEVAL BAGPIPE WITH ONE DRONE

THE LEICESTERSHIRE SMALLPIPES
THESE ARE MADE MOUTH-OR BELLOWS-BLOWN

THE GOODACRE BROTHERS
PLAYING ENGLISH MUSIC IN HARMONY
ON ENGLISH PIPES SINCE 1986

Manuel Viqueira Vieites
Gaiteiro de Ordes

Por Manuel Garrido

O feble sol de xaneiro termaba da xeada aquela tarde memorable. Era o día 19 de xaneiro cando nos achegamos á vila de Ordes para coñecer ao gaiteiro Manuel Viqueira Vieites.

Fomos invitados polo seu fillo Manuel Viqueira Noya, destacado gaiteiro das terras de Ordes, vencellado nos seus inicios a agrupacións sobradamente coñecidas como Sementes do Arte que tan importante laboura ten feito na música e baile do país. Nos atopavamonos emocionados de poder conservar con un home excepcional, posuidor na que o arte e bo facer de parte da tradición e da riqueza musical do noso país e Don Manuel Viqueira Vieites amosábase ledo e encantado de transmitirnos a súa historia e os seus segredos como gaiteiro.

Decano dos gaiteiros de Ordes, Manuel Viqueira aos 73 anos lembra con nidia claridade os seus inicios na pequena aldea de Buscás de onde enceta, de xeito autodidacta, o aprendizaxe que o levará co transcurrir do tempo a ser un digno e destacado representante da tradición gaiteiril do noso País.

Ao carecer de axuda iníciase empregando unha canaveira de palla a que lle fai os furados coa rudimentaria axuda dun ferro quente. Lembra con emoción que de tanto ensaio, que adoitaba realizar no palleiro da súa casa, os beizos remataban cheos de sangue, mais a paixón que sentía a prol da música era moi superior a dor.

Comezou aos oito anos e na súa infancia non coñeceu a ningún gaiteiro que o guiase nin lle servise de mestre. A súa escola consistiu en escoitar, aproveitar todas as oportunidades que tiña para dende o anonimato aprender todo o que podía de cantos gaiteiros adoitaban pasar polas festas e romerías de toda a bisbarra, así nunca esquecerá o día no que uns gaiteiros que viñan dende Soutelo de Montes deron unha tradicional alborada nas festas de Ordes, seguiunos con emoción por toda a vila de Ordes e deixaron nel unha forte pegada. Aquel neno que quería ser gaiteiro quedou engaiolado; non podía ser de outro xeito, así que dende entón nunca deixou de tocar, formando parte de grupos como "Os do Xulio" e tamén de "Os amigos de Buscás" ou exercendo como gaiteiro solista en tódolos lugares e momentos nos que tiña ocasión.

O seu repertorio está formado por unha inxente cantidade de pezas, unhas aprendeunas de escoitar con atención a outros gaiteiros pero tamén compón unha abondosa cantidade de fermosas melodías coa finalidade de incrementar e personalizar o seu repertorio.

O xeito que ten de tocar impresiona tanto pola axilidade que, a pesar da súa idade, aínda posúe como polo estilo rexo, forte e persoal do que fai gala, empregando unha dixitación pechada a cal proporciónalle unha base rítmica constante, froito da ornamentación e claramente perceptible polo oínte ao mesmo tempo que executa unha melodía nidia e ben definida. Gracias a súa habilidade, técnica, e a ornamentación certamente exuberante as pezas por él compostas e interpretadas resultaronos non só interesantes senón tamén espectaculares.

Este destacado gaiteiro da nosa tradición mais recente ven de recibir unha merecida homenaxe en recoñecemento a unha vida dedicada a nosa música tradicional, e nos dende o Anuario da Gaita tamén queremos recoñecer a súa importante laboura a prol da nosa música.

Pasarruas de Manuel Viqueira

Gaiteiros de Gosende - Ordes (Coruña), dirixidos por Manuel Viqueira

JOTA DE MANUEL VIQUEIRA

Saint Pol de Léon (Bretaña) 20.07.2003

A Coroza, unha prenda da vestimenta tradicional galega

Por José Rodríguez Cruz

(a) Labrego con coroza.

A coroza era unha prenda, con forma de capa, usada polos labregos e gandeiros galegos na época de inverno, principalmente para aqueda-la auga nos días de chuvia, anque o seu tecido tamén protexía da neve e do frío. Foi unha prenda de uso xeral, especialmente na alta montaña galega, onde a estación invernal se manifesta con temperaturas extremas, con moita chuvia e neve. En algúns lugares do surleste ourensán usouse de maneira tradicional ata ben entrada a década dos anos sesenta do pasado século, momento no que as modernas prendas arredaron e substituíron para sempre esta singular prenda que tanto arraigo tivo entre os nosos labregos e pastores.

A orixe

Tódalas mencións bibliográficas que versan sobre a coroza coinciden en que é a prenda máis rústica e anterga da nosa indumentaria. Descoñécese a súa antigüidade. As referencias escritas sobre ela son escasas, no ano 1238 aparece documentada no *Foro de Paredes* (Norte de Portugal) onde se citan *singulis corotiis*[1]. Ademais de Galicia, León e Portugal, tamén se usou en Irlanda. Ollámola nun gravado inglés do século XVIII, portada por un pastor con moca na man. Polo ano 1869, un peregrino inglés a Compostela tamén dá razón dela[2]. Os pastores e os nosos máis arrecuados devanceiros debérona usar xa en tempos prehistóricos, pódese dicir que a coroza entronca coa máis pura raigame galega. Chegou ata os nosos días despois de percorrer un longo treito de séculos ou milenios. A coroza pervivíu na Galicia rural sobrevivindo a modas, mantendo intacta a súa enxebreza, desde as súas orixes, achegándonos modos e formas de vida ancestrais, hoxe esvaídas.

(b) Recreación da vestimenta e das armas que portaba o "Home do Glaciar" .

Exemplo histórico do uso antergo de prendas feitas con materia vexetal é o que nos aporta o achado do denominado *"Home do Glaciar"*, onde no ano 1991 uns escursionístas atoparon o cadáver dun home conxelado no glaciar *Similaum do Val de Otz*, nos Alpes, zona fronteiriza entre Austria e Italia[3]. A proba do carbono 14 aportou que o corpo momificado do *"Home do Glaciar"* tiña unha antigüidade de uns 5300 anos. Esta persona portaba arco, frechas, unha machada de cobre con mango de madeira de teixo, unha mochila, un colar... E a súa vestimenta estaba composta de prendas feitas de pel de animal e coiro: gorro de pel de oso, traxe e polainas de pel de cabra e calzado de pel e palla.

Como complemento, sobre estas prendas, levaba unha especie de *capa ou cobertor* de tecido

vexetal trenzado. Capa, trenzado, forma, materia vexetal... son elementos que gardan similitude coa nosa coroza. Con toda probalidade podemos estar aquí ante a mostra máis anterga da *capa de augas*, da *coroza*, vestida por aquel home, cazador ou pastor, no *Neolítico*, que viviu nas altas montañas dos Alpes.

(c) Coroza da zona de Ponteareas (Pont.).

A prenda

A coroza non era máis que unha especie de capa ou capote, con gorro engadido, feita de xuncos, e ás veces de palla, complemento necesario do resto da vestimenta tradicional, que usaban xeralmente os pastores e os labregos para que os defendera principalmente da chuvia. Era unha prenda útil na época das longas invernías, propias da alta montaña galega. O seu tecido, estructurado con forma apiramidada de capas superpostas, non deixaba pasa-la auga por moito que chovese. Non era unha prenda exclusiva dos homes, as mulleres tamén a vestían, incluso os nenos, con feitura adaptada para o seu corpo e estatura. A prenda cubría á persona case por completo, tapando a cabeza e o resto do corpo ata as canelas. A indumentaria completábase con unhas *polainas* feitas tamén de xuncos, que tapaban ambas pernas desde os xeonllos ata os pés. Nos pés calzaban calcetíns de la, *zamancos* ou *galochos.*

(ch) Pastor con croça (O Barroso-Portugal)

Dependendo das zonas, sábese que había varios modelos de corozas, con distinta feitura, principalmente as de unha soa peza ou *coroza de carapucho* e as de pezas xebradas (corpo e gorro). Así no Barroso portugués facíanse estes tipos: a *croça de ombros* ou de home; *croça da cabeça* para mulleres e homes; a *croça de maneiras* (con *croço* suxeito á *croça*), *croço, croçelo* ou *corucho* só para cubrir a cabeza e parte dos ombros; pola contra as outras descendían ata o tornocelo. Dise que o *carapucho* debeu ser a peza máis usada, sen dúbida por ser máis sencilla (*croça da cabeça* en Portugal), por ser dun tecido único, de cinco ou seis *vieiras* (rodas), descendendo ata os pés.

(d) Carapucho e coroza (A Gudiña)

A coroza de corpo e *carapucho* xebrados estaba composta de varias partes diferenciadas entre sí. Na parte superior o gorro ou *carapucho* cubría a cabeza, atando na parte dianteira cun *cordón.* A parte exterior do corpo tiña, ademais do *cuello*, varias capas ou *esclavinas* dispostas a modo de teito, unha *rabeira* posterior, e as capas inferiores. Na parte interior, un tecido, suxeitado con varios *cordóns* que dependuraban do cuello, formaba o propio *corpo* e *os brazos* sen mangas. As dúas partes, exterior e interior, abotoaban de maneira independente na parte dianteira con varios *botóns* (nós) e *asas* (ollais).

(e) Persona con coroza e polainas (A Gudiña)

Distribución da súa realidade e nomenclatura

As corozas debéronse facer e usar na maioría das aldeas da nosa comunidade, desde a costa ata o recuncho máis alonxado

(f) Carapucha

da alta montaña interior. Pero tamén foi de uso en Portugal mormente pola contorna de Tras-os-Montes, e en León. Prenda axeitada e vencellada á secular tradición agrícola e gandeira galega, elemento eficaz contra a chuvia e o frío. En Galicia, entre outros lugares tiveron sona as feitas en Padrón, Cotobade, Rubillón, A Lama...

(g) Polaina

Con preferencia, o nome que se lle dá a esta prenda tradicional é o de *coroza,* así se recolle nas catro provincias galegas. O diccionario recolle a verba *coroza* (lat. *corocea*) e defínea como *"Especie de capa impermeable, feita de xuncos ou palla, que usa a xente do campo en moitas comarcas galegas para protexerse da chuvia"*. Pero tamén se documenta con outros nomes. *Carozo* en Mugares; *corozo* en Xunqueira de Espadanedo e Tioira, onde tamén é *croza e crozo; croza* na Bouza, Rubillón e Doade (Beariz) e en Xinzo de Limia; *curoza* en Pixeiros (Viana do Bolo); *corosa* (por aquelo do seseo) en Marín (Pontevedra).

Carapucho (unha soa peza desde a cabeza ata as canelas) na Lama, Cotobade, Padrón... *Palleiro, palloza4, palliza...* son nomes que a vinculan a súa feitura de palla. Así é *palleiro* en Marín, Noalla, Illa de Arousa, A Lama, Catoira, Ponteareas... *Palloza* en Redondela. *Capote de palliza* en San Ciprián de Hermisende (Zamora)... *Capa de palla,* da que informa o P. Sarmiento5. *caroza e coroza* no Bierzo (León) feitas polos *curuceiros...* Na fala portuguesa aparece cos nomes de *caroça, croça, palhoça, capa de colmo;* e incuso Fritz Krüger6 recolle polo sur de Ourense, Tras-os-Montes e Minho os nomes *coroza, corosa, curosa, croza, croça, corucha, corucêlho, palhota, trofa...* Onde tamén hai *palhiça, palhiço, palhoça,* palhota (relacionados coa palla)7. A parte que cubre a cabeza, dependendo das zonas, tamén acolle variedade de nomes: *carapucha, carapucho, capucha, capuchón, caperuza, corucho, curucho... carapuça, carapuço* en Portugal...

(h) As tres primeiras esclavinas

(i) Mazo

(j) Escarrizadores

A materia prima e o seu tratamento

Para facer unha *coroza* cumprían *xuncos* ou *xungos*, que é unha planta que posúe un longo talo, delgado, liso e cilíndrico, e que se cría en lugares húmidos, abundantes en auga, nas *brañas, lamas, lagoeiros, lagorzas...* hai que dicir que, anque en menor medida, tamén se fixeron corozas de *palla* (de aquí a pervivencia dos nomes *capa de palla, palliza, palloza...*).

Cando a planta estaba cumprida, nos meses de agosto ou setembro, o *coroceiro* ía polos *xuncos ó xuncal,* cortándoos rentes ó chan cunha *fouce*. Os *xuncos* eran transportados en *feixes* ata a casa. De seguido, collendo pequenos mangados atados polo centro, estes eran *mazados* cun *mazo* de madeira. A seguinte laboura era a *deluva*, que consistía en resfregar pequenas *madas* de *xuncos* cunha man contra a outra dándolles volta ata que lles caese a *miola* (parte branda interior). Unha vez sacudidos, os *mañuzos* de xuncos púñanse ben abertos a secar ó sol nunha aira durante uns días. Cando os xuncos estaban *secos* ou *curados*, igualábanse e atábanse en *mañuzos,* e logo xa se puñan nun lugar seco á espera do momento de facer a *coroza.*

(I) Vista da parte dianteira da coroza (A Gudiña)

(m) Vista da parte traseira da coroza (A Gudiña)

Os coroceiros e a confección da coroza

En case toda-las aldeas había algunha persona experta en facer *corozas*, era o *coroceiro* que entendía nestes menesteres. Nos días de vagar, cos *xuncos* xa preparados, o *coroceiro,* ás veces axudado por outra persona que lle ía dando os *xuncos*, comezaba a facer a prenda. E comezaba facendo unha *asa* (ollal), á que lle engadía *madas* de xuncos tecidas en *mallas* ben apretadas nun primeiro *cordón.* A primeira parte que se tecía era o *cuello*. De aquí saía a primeira *esclavina* ou *ala,* que no extremo oposto á asa remataba nun *nó* (botón). Do interior do cuello dependuraban varios *cordóns* longos, tres na parte central, e os outros a ambos lados, en total nove. Nestes cordóns suxeitábanse as outras *esclavinas, brazos, cueira* e o resto do *corpo*. A parte sobrante de cada esclavina cortábase cunha *machada* ou cunha *tesoira*, era o que se chamaba *arredondar a coroza.*

E a parte de fóra de cada peza peinábase ou *escarrizábase* co *escarrizador* (un peine de madeira con afiadas púas), co fin de que lle rematase de caír a *miola* os xuncos, e que a prenda tivese mellor aspecto e uniformidade. A deradeira peza que se facía era o *carapucho.*

Un experto *coroceiro*, axudado por outra persona que lle suministrara os *xuncos*, podía facer unha coroza no día.

Procedencia das ilustracións

A.- Ilustración de Tiberio Ávila, 1879.

B- Revista *Muy interesante*, Nº 150, nov. 1993.

C.- Xornal *Faro de Vigo*, 03-02-1991.

Ch.- A. L. Fontes, *Etnografía Transmontana,* vol. II, páx. 200, 1992.

D, E, F, G, H, I, J, K, L, M. Fotos de José Rodríguez Cruz.

Notas:

1.- E. Rivas Quintas, *Tear, tecido e complementos*, p. 421, 1992.

2.- Fritz Krüger, *Léxico rural*, p. 121, 1947.

3.- Revista *Muy interesante,* Nº 150, nov. 1993.

4.- Eligio Rivas Quintas, *Tear, tecido e complementos*, p. 423.

5.- P. Sarmiento, *Catál.* 322.

6.- Fritz Krüger, *Léxico rural,* 121-122; *Sanabria,* p. 161.

7.- Figueiredo. *Dicc. da lingua portuguesa.*

Las Gaitas de la Antigua República Yugoslava de Macedonia

Por Luis J. González

Pequeña introducción geopolítica.

La Macedonia, como región geográfica, se encuentra situada en Los Balcanes, siendo su principal vertiente el Mar Egeo, y cuyos ejes son las cuencas del río Vardar (nombre macedonio) o Axiós (nombre griego) y el Struma (nombre mecedonio) o Strymón (nombre griego).

Al norte tiene frontera con Kosovo, al este con Bulgaria, al sur con Grecia, y al Oeste con Albania.

Al suroeste, posee dos grandes lagos de agua dulce, y entre ellos se encuentra el Parque Natural de la Galicica, topónimo, que nos recuerda como otros muchos del norte de Grecia, la persistencia con el paso del tiempo, de las antiguas tribus celtas o galas.



Como población, hacia el S. XII antes de Cristo estuvo poblada por tribus ilirias, tracias y helénicas, pero sin una unión política hasta el S. V a. de C. en que se convirtió en un Estado.

Posteriormente vendría el gran Alejandro III El Magno, (S. III a. de C.), que expandiría sus dominios hasta la India, para en un Siglo más, enfrentarse a Roma y quedar derrotada y dividida en cuatro repúblicas y por último, terminar siendo toda la Macedonia una sola provincia romana.

Más tarde, quedó integrada en el Imperio Romano de Oriente y durante los S. V y VI fue invadida por los pueblos eslavos que asimilaron a tracios, macedonios e ilirios.

Después, en el S. IX, la mayor parte de la región de Macedonia quedó incluida en el primer reino búlgaro, quedando totalmente incluida en el S. XIII.

En el S. XIV fue conquistada por los serbios y después por los turcos, que forzaron a la población a la islamización, manteniéndola bajo su poder hasta 1912.

Como consecuencia de las Guerras Balcánicas (1.913), Macedonia quedó dividida entre Grecia, Serbia y Bulgaria, y más tarde, Bulgaria perdió su parte, quedando dividida finalmente entre Grecia y Serbia. La zona serbia de Macedonia (Makedonja), se integró como República Socialista de Macedonia en Yugoslavia (Federación de Repúblicas Yugoslavas), en 1.929.

En octubre de 1.991, tras el fallecimiento de Tito, la Macedonia yugoslava declaró su independencia como República de Macedonia, pero

Foto 2. Algunos miembros del grupo Pece Atanasouski Orchestra

Foto 3. Gaiteiro macedonio en traje tradicional

Grecia no aceptó tal denominación, ya que la nueva Constitución Macedonia incluía reivindicaciones sobre la provincia griega de Macedonia con capital en Salónica (Thessaloniki).

La UE (Unión Europea), apoyó las quejas de Grecia, por lo que recurrieron Grecia y la Macedonia exyugoslava a la ONU para la solución del problema, quedando en abril de 1.993 reconocida con su denominación actual de Antigua República Yugoslava de Macedonia, (ARYM), con capital en Skopje, aun sin conseguir un acuerdo con Grecia, que se mantiene en su postura hasta los días de hoy.

Linguísticamente, la Macedonia griega, al estar poblada principalmente por griegos, usa el heleno (en España se suele decir "griego" para referirnos a la lengua griega, y los griegos saben a qué nos referimos cuando decimos "hablar griego", pero para ellos constituye una expresión incorrecta como denominación de su lenguaje). Por otro lado, en ARYM hasta hace pocos años, se enseñaba obligatoriamente serbio-croata en las escuelas, así que su lenguaje es un lenguaje de la familia eslava balcánica, similar al búlgaro, al bosnio, al croata, pero con particularidades en cuanto a algunas palabras de origen heleno y turco.

Foto 4. Risto Solunchev a la gaita en su pequeño estudio de grabación

En la ciudad de Skopje, capital de ARYM, encontré a Risto Solunchev, gaitero del grupo folclórico tradicional Pece Atanasouski Orchestra, que acababa justo de editar el CD titulado Pece Atanasovski y que se encontraba preparando el siguiente.

Me invitó amablemente a asistir a uno de los ensayos previos a la grabación de la maqueta. Ensayan en una casa aislada, nada bien conservada, pero que han preparado con sus propios medios, muy humildes, para construir en lo que sería el salón, una cámara insonorizada donde el sonido no produzca reverberaciones y otros efectos indeseados, y en la habitación de al lado, un dormitorio, tienen el estudio de grabación, con pocos medios, pero muy bien empleados de los que obtienen muy buenos resultados, que solo hace falta oír para poder comprobar.

Asistí al ensayo, con Risto a la gaita, cuatro compañeros con sus tamburas, y otros con sus kabal y tambor (ver foto 2). Quedé maravillado, además de la calidad, por la simpatía de los miembros de este grupo. Obsérvese el detalle de que Risto, el gaitero, no ensaya con la gaita, sino solamente con el puntero de ésta.

Así, que terminado el ensayo, Risto se brindó a explicarme todo lo que sabía sobre la gaita de ARYM, otros instrumentos del país, y del folclore y costumbres de este pueblo.

LG: ¿Desde que época se toca la gaita en Macedonia?

RS: Es difícil de decir, hay pinturas y cuadros sobre gaitas desde el Siglo X en las iglesias ortodoxas. Es muy posible que la gaita sea mucho más antigua aquí. Nuestra tradición oral es muy fuerte, nos trae recuerdos de costumbres paganas con gaitas.

LG: ¿Hay algún tipo de conexión entre la gaita macedonia y la religión?

RS: No, en general no hay conexión. Es solo un instrumento de campesinos y pastores. No hay música procesional de gaita, y no se puede tocar en la iglesia, pero en determinados momentos, se permite tocar la gaita en los patios de los monasterios, mientras se bailan danzas tradicionales. Los turcos musulmanes afirmaban en el pasado que la gaita era un instrumento diabólico.

En el área de Prilep, los macedonios conectaron la gaita con las costumbres eslavas y el sentimiento religioso ortodoxo.

LG: Hay una dulzaina que se llama zurla, ¿Cuál es su origen?

RS: Es un instrumento típico de pastores, y hay dos hipótesis, una es que los turcos trajeron la zurla, pero a pesar de ello, se piensa que la zurla es mucho más antigua, y que fue traída desde la India, antes que los turcos. Los macedonios creemos, que en el pasado, la zurla era un instrumento más bien islámico, pero en el oeste de Macedonia, los macedonios tocaban la zurla mucho antes y no tienen semejante opinión.



Foto 5. Zurla

La zurla fue en la antigüedad, el instrumento principal de nuestro folclore. Hay tres clases de zurla, la pequeña, la mediana y la grande. La agrupación típica de tocadores de zurla está formada por dos zurlas y un tapam (tamborilero).

También tenemos danzas con tocadores de zurla que suelen ser gitanos o egiptos (gitanos que se introdujeron en el pasado en Macedonia desde esta país africano).

LG: Me gustaría tener un cuadro sinóptico de las piezas y partes de vuestra gaita en macedonio, ¿sería posible?

RS: Si por supuesto.

Español		Macedonio
Puntero		Gaidarka, zurla, cleparka
Nuez		Grlo
Agujeros del puntero		Dupki
Pipa, palleta		Pisca
Fuelle, odre		Meshnitza, mev, meshina
Soplete		Duvalo
Zapón, válvula antirretorno		Kozinka
Roncón		Brchalo, ricalo, buchalo
Anillas, virolas		Prsten

LG: ¿Qué me puedes contar de la tradición musical Macedonia?

RS: Las músicas populares macedonias las constituyen danzas, danzas cantadas, canciones de boda, canciones de trabajo en el campo, etc.

Hasta la segunda guerra mundial, los hombres, mujeres, niños y ancianos, cantaban y bailaban separados, la misma danza a la vez, pero en grupos

Foto 6. Danzantes macedonios en traje tradicional

separados, sin tocarse unos a otros. Solamente en el caso de que el primero que danzaba fuese familiar del ultimo, se podían tocar. A veces solo mediante la unión de una pieza de ropa atada entre ambos danzantes y solo en algunas canciones. Son costumbres muy parecidas a algunas de Bulgaria y del norte de Grecia. (Ver foto 6).

LG: ¿Cuáles son las agrupaciones típicas de macedonia?

